



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FERROL

Concellería de Benestar Social

Con data 29 de outubro o Excmo. Concello Pleno de Ferrol, aprobou as seguintes: Bases reguladoras para a concesión de axudas de agasallos Nadal. Exercicios 2020 e 2021

BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS DE AGASALLOS NADAL . EXERCICIOS 2020 E 2021

1.- Obxecto

Esta bases teñen por obxecto a concesión de subvencións a familias con escasos recursos co fin de que os menores das familias máis desfavorecidas do Concello de Ferrol teñan un agasallo polo Nadal. Preténdese contribuír así ao fomento da igualdade dos nenos e nenas pertencentes a familias que, nestes momentos, teñen unha precaria situación económica.

A campaña vai dirixida aos menores empadroados en Ferrol que, á data da festividade de Reis da correspondente convocatoria, teñan unha idade comprendida entre os 0 e 16 anos.

2.- Persoas beneficiarias e requisitos 2.1.- Poderán solicitar estas axudas os representantes legais –pai, nai ou titor/a– dos/as menores que cumpran os seguintes requisitos:

- Estar empadroado/a e residir no concello de Ferrol, cunha antigüidade mínima de dous meses.
- No caso de ser o titular da garda e custodia, convivir e estar empadroado/a cos/as menores para os que se solicita a axuda (comprobarase de oficio).
- No caso das custodias compartidas, so terase en conta unha solicitude e terá prioridade a solicitude do proxenitor convivente.
- Que os ingresos económicos da unidade familiar non superen os máximos establecidos nestas bases. Da suma de todos estes ingresos poderase descontar até un máximo de 300 euros en concepto de gastos ocasionados polo alugamento ou pago da hipoteca da vivenda habitual.

- Que o menor beneficiario da axuda non teña máis de 16 anos na festividade de Reis da convocatoria correspondente.

-Presentar, en tempo e forma, a documentación esixida no punto 4 das bases .

2.2.-Aos efectos destas bases considéranse incluídos na unidade familiar de convivencia os seguintes membros (sempre que convivan no mesmo enderezo):

- O pai, nai, titor legal, cónxuxes e parellas de feito.
- Os fillos maiores e menores de idade de calquera das persoas anteriores.
- Os ascendentes do pai, nai, titor legal, cónxuxes e parellas de feito

Así mesmo, teranse en conta as seguintes circunstancias familiares:

- De conformidade co previsto na Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, enténdese por familia monoparental o núcleo familiar composto por un único proxenitor ou proxenitora que non conviva coa outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e os fillos e fillas ao seu cargo, sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento, que acrediten esta situación mediante sentenza de separación/divorcio (matrimonio) ou garda, custodia e alimentos (para parellas de feito). Neste caso de parellas de feito separadas, cando ambas proxenitores consten no Libro de familia ou documento que legalmente o substitúa, para ser considerada familia monoparental deberán acreditar esta circunstancia mediante documento do Xulgado que outorgue a custodia ou tutela dos fillos a un dos proxenitores.

-Nos supostos de nulidade, separación ou divorcio dos proxenitores, o destinatario da axuda será o pai ou nai que teña atribuída a custodia do menor, de acordo co establecido no convenio regulador ou sentenza xudicial.

-No suposto de acollemento, o destinatario da axuda será a persoa ou persoas que teñan adxudicada por resolución administrativa ou auto xudicial.

-En ningún caso poderán ser destinatarios da axuda os proxenitores privados da patria potestade dos seus fillos, ou se a tutela ou a garda fora asumida por unha institución pública.

3.- Solicitudes e prazo

Os/as solicitantes deberán presentar a súa instancia (Anexo I, II e III así como toda a documentación precisa) no Rexistro Xeral do Concello ou tramitala por calquera das formas previstas no art. 16.4 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de 10 días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria destas bases no Boletín Oficial da Provincia, publicación que se levará a cabo a través da base Nacional de subvencións (BDNS) de conformidade co previsto nos artigos 17.3b) e 20.8 a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

As solicitudes presentadas fóra de prazo serán inadmitidas.

4.- Documentación.

Deberá presentarse a seguinte documentación:

1.- Modelo normalizado de solicitude debidamente cuberto e asinado, no que se especificará o nome dos/as menores para os que se solicita a axuda (Anexo I).

2.- Anexo II (declaracións responsables) e anexo III (autorización solicitude datos á Axencia Tributaria (para cada membro da unidade familiar de convivencia maior de 16 anos) debidamente cubertos e asinados.

3.- Fotocopia do Documento Nacional de Identidade, Permiso de Residencia ou Pasaporte de todos os membros da unidade familiar.

4.- Fotocopia completa do libro de familia ou documento análogo (acta ou partida de nacemento)

5.- Xustificación da situación económica de todas as persoas que compoñen a unidade familiar maiores de 16 anos, entendendo por tal todos os membros empadroados no domicilio con vínculo familiar ou relacional, achegando a seguinte documentación:

a) Se está en situación de desemprego:

- Informe de vida laboral.

- Se tivo actividade laboral durante o exercicio natural no que se publica a convocatoria, nóminas xustificativas dos ingresos percibidos.

- Certificado emitido polo Servicio Público de Emprego Estatal que xustifique o cobro ou non de prestación/subsidio por desemprego.

- Certificado emitido polo INSS que xustifique o cobro ou non de pensións/axudas públicas(incluído o Ingreso Mínimo Vital)

b) Se está actualmente en activo por conta allea:

- Informe de vida laboral.

- Copia das seis últimas nóminas.

c) Se está actualmente en activo por conta propia:

- Informe de vida laboral.

- Copia das auto liquidacións trimestrais de IRPF e IVE correspondentes ao exercicio natural no que se publica a convocatoria.

6.- En caso de divorcio ou separación legal, copia da sentenza e do convenio regulador. En situacións de non pagamento, copia da solicitude de execución da sentenza presentada perante o xulgado ou xustificante do inicio das actuacións.

7.- Perceptores de RISGA: a documentación figura no departamento de Benestar Social, polo que non terán que achegar o xustificante da contía mensual e soamente terán que presentar a solicitude facendo constar que son perceptores/as de RISGA.

8.- Respecto dos menores usuarios do Centro de Día de Menores de Ferrol, parte da documentación figura no departamento de Benestar Social polo que unicamente deberán achegar o anexo I, anexo II, vida laboral e xustificantes de todo tipo de ingresos.

9.- O Departamento de Benestar Social poderá solicitar calquera outra documentación que se estime necesaria para poder valorar a situación de necesidade.

10.- Non se requirirá aos interesados a presentación de documentación xa achegada nos expedientes tramitados polo departamento de Benestar Social durante o ano da convocatoria, sempre que se indique o expediente no seo do cal foi aportada e se acompañe dunha declaración responsable da súa vixencia.

5.- Tramitación e resolución das solicitudes

O procedemento para a tramitación das solicitudes presentadas será o seguinte:

-As solicitudes presentadas serán avaliadas polo persoal técnico dos Servizos Sociais.

- Unha vez avaliadas, publicarase unha listaxe de solicitantes admitidos e excluídos con indicación dos motivos de exclusión, determinando, de ser o caso, un prazo de 10 días hábiles para emenda da documentación.

Excepcionalmente, o persoal técnico de Servizos Sociais poderá incluír de oficio menores beneficiarios desta axuda sempre que a excepcionalidade quede acreditada no expediente mediante informe técnico.

- Unha vez resoltas as emendas, aprobarase unha resolución coa listaxe de axudas concedidas.

Os sucesivos actos administrativos do procedemento serán obxecto de publicación no taboleiro de edictos do Concello e paxina web.

6.- Criterios de avaliación

As solicitudes valoraranse tendo en conta o seguinte criterio económico.

1.- Baremo económico

No baremo económico terase en conta 1,5 veces o IPREM, incrementando un 15% por cada novo membro da unidade familiar, e cun límite de 1.411,03 €, segundo o seguinte baremo (para o 2020):

Número de membros da unidade familiar	Contía
2	806,76 €
3	927,77 €
4	1.066,94 €
5	1.226,98 €
6	1.411,03 €

2.- Non se computarán os ingresos procedentes de acollemento familiar, coidados no entorno por coidador/a familiar, nin de prestación por fillo/a a cargo.

7.- Contía da axuda

A contía da axuda será de **50 € por menor**, e farase efectiva a través dun vale, co logotipo do Concello de Ferrol e asinado pola Concelleira de Benestar Social, que se entregará á familia beneficiaria polo importe total da axuda concedida en función dos menores que conteña e se trocará por xoguetes, cds, libros, roupa deportiva, artigos de deporte o calquera material ou instrumento relacionado coas novas tecnoloxías (consolas, ordenadores...), nos establecementos comerciais ferrolás que acepten o devandito vale do concello de Ferrol.

Se o valor dos artigos fora inferior ao dos vales, en ningún caso o comercio reintegrará a diferenza á persoa beneficiaria da axuda.

O vale pode ser fraccionado, a petición da familia, sempre por un importe mínimo de 50 €.

No vale, que será dun único uso, constará a súa caducidade. A validez dos vales e o seu troco finalizará o día anterior á festividade de Reis da convocatoria correspondente (5 de xaneiro).

8.- Xustificación

A concesión desta axuda con cargo a esta convocatoria implica a cesión do dereito de cobramento aos establecementos ou aos seus representantes, polo que o pago do orzamento total practicarase efectivamente a estes.

Os establecementos onde sexan trocados os vales deberán presentar a correspondente factura electrónica ao Concello de Ferrol (xunto cos correspondentes vales) con data límite do 15 de marzo do ano natural seguinte ao da publicación da convocatoria. Transcorrido a dita data perderán o seu dereito ao cobramento do importe do vale.

Baixo ningún concepto os comercios poderán facturar ao Concello de Ferrol as adquisicións que foran obxecto de devolución a cambio do correspondente reintegro económico.

Dita factura deberá vir acompañada dos vales correspondentes

8.- Orzamento

As presentes bases estenderán os sus efectos ás convocatorias que se realicen nos exercicios 2020 e 2021.

O crédito máximo inicial, sen prexuízo de posteriores modificacións, será de 50.000 €, e a tramitación do gasto realizarase como expediente anticipado, en base ao art. 56 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

O gasto imputarase á aplicación orzamentaria 04001-2318-48000.

Ferrol, 9 de outubro de 2020

A Concelleira de Benestar Social e Patrimonio Histórico

Eva Martínez Montero

CONVOCATORIA AXUDAS AGASALLOS NADAL 2020

ANEXO I
SOLICITUDES AGASALLOS NADAL

Solicitante (pai/nai/titor):	
Nome e apelidos	
DNI:	
Enderezo:	
Teléfono:	
Menores:	
Nome e apelidos	Data nacemento

Persoa perceptora de RISGA	SI	NO
Menor usuario do CDM Centro de Dia de Menores	SI	NO
Persoa perceptora de acollemento familiar	SI	NO
Persoa perceptora de coidados no entorno coidador/a familiar	SI	NO

Ferrol, de de

O/A solicitante

Asdo.:

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais y Garantía dos Dereitos Dixitais, os datos persoais facilitados polas persoas solicitantes serán obxecto de tratamento polo Concello de Ferrol co obxecto de xestionar este procedemento. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición aos datos persoais destes ficheiros poderán exercerse ante o Rexistro Xeral do Concello de Ferrol (Praza de Armas, S/N, 1, 15401, Ferrol), nos termos establecidos nos artigos 13, 14, 15 e 18 da citada Lei.

SR. ALCALDE DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL

CONVOCATORIA AXUDAS AGASALLOS NADAL

ANEXO II
DECLARACIÓNS

Solicitante (pai/nai/titor):	
Nome e apelidos	
DNI:	
Enderezo:	
Teléfono:	

A persoa asinante declara:

- Que coñece e acepta as bases da convocatoria para a que solicitan a axuda.
- Que todos os datos incorporados á solicitude se axustan á realidade.
- Que queda informada/o de que a inexactitude das circunstancias declaradas dará lugar á denegación ou revogación da axuda
- Que queda informado/a de que a non presentación de documentación no prazo sinalado na convocatoria será motivo de inadmisión.
- Que se atopa ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias (estatal e autonómica) e coa Seguridade Social e non ten pendente de pagamento ningunha débeda con eta Admón. Municipal.
- Que non se atopa incurso/a en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario/a de subvencións públicas recollidas nos artigos 13 da lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvención.
- Que non solicitou ni recibiu ningunha outra axuda para a mesma finalidade

Ferrol, de de

O/A solicitante

Asdo.:

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais y Garantía dos Dereitos Dixitais, os datos persoais facilitados polas persoas solicitantes serán obxecto de tratamento polo Concello de Ferrol co obxecto de xestionar este procedemento. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición aos datos persoais destes ficheiros poderán exercerse ante o Rexistro Xeral do Concello de Ferrol (Praza

de Armas, S/N, 1, 15401, Ferrol), nos termos establecidos nos artigos 13, 14, 15 e 18 da citada Lei.

SR. ALCALDE DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL

CONVOCATORIA AXUDAS AGASALLOS NADAL

ANEXO III

AUTORIZACIÓN PARA QUE O CONCELLO DE FERROL POIDA SOLICITAR DATOS Á AXENCIA TRIBUTARIA RELATIVOS AO NIVEL DE RENDA (IRPF) OU PATRIMONIO

A) DATOS DA PERSOA SOLICITANTE QUE OUTORGA A AUTORIZACIÓN

A persoa abaixo asinante autoriza ao Concello de Ferrol a solicitar da Axencia Estatal da Administración Tributaria os datos fiscais requiridos para a tramitación das axudas para agasallos 2020 e aos exclusivos efectos de aplicación do baremo establecido para a súa adxudicación, de conformidade co previsto no artigo 95.1.K) da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

NOME E APELIDOS	NIF	SINATURA

B) DATOS DOUTROS MEMBROS DA UNIDADE DE CONVIVENCIA DA PERSOA SOLICITANTE CUXOS INGRESOS SON COMPUTABLES

RELACIÓN COA PERSOA SOLICITANTE	NOME E APELIDOS	NIF	SINATURA

Ferrol, de de

Asdo